

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN GALEGA DE CERAMISTAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE NO SECTOR DA CERÁMICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa Asociación Galega de Ceramistas o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

regular a colaboración entre a CEII e a AGACER para levar a cabo durante o ano 2023 actuacións de fomento da sustentabilidade no sector da cerámica, en concreto:

1) Certificación Passivhaus de sistema de cuberta de tella cerámica e de sistema de fachada de bloque cerámico :

O obxecto desta actuación é obter a Certificación Passivhaus para os sistemas de cuberta de tella cerámica e de fachada de bloque cerámico como medio para o fomento do uso dos materiais cerámicos en solucións técnicas eco-eficientes e cumprir os obxectivos e estándares mais exixentes no ámbito do obxectivo global de alcanzar un consumo enerxético case nulo nas edificacións. A obtención da Certificación Passivhaus dos sistemas baseados en tecnoloxías cerámicas permitirá aos fabricantes de AGACER ofrecer as garantías necesarias aos seus clientes e adiantarse as exixencias normativas que se están a desenvolver na Unión Europea no relativo a eficiencia enerxética.

2) Publicación decálogo de sostibilidade de materiais cerámicos :

O obxecto desta actuación é realizar unha publicación impresa que aglutine a información recollida nos dez folletos dixitais que actualmente ten AGACER sobre diferentes aspectos da sustentabilidade dos materiais cerámicos e incluírá os traballos de maquetación e edición necesarios, cunha previsión final de 108 páxinas. Considérase a impresión de 1.500 exemplares tendo en conta o tamaño do mercado no que desenvolven as súas actividades os socios de AGACER, que se encargarán da distribución dos mesmos entre os seus clientes e entre o colectivo de prescriptores





(arquitectos, empresas promotoras, estudantes arquitectura, etc,...). Así mesmo, algúns dos exemplares entregaranse nas xornadas técnicas da actuación 3.

3) Xornadas Técnicas de sostibilidade de materiais cerámicos:

Nesta actuación AGACER levará a cabo unhas xornadas técnicas sobre a temática "Sostenibilidade-DAP y economía circular con materiais cerámicos" a través da empresa de comunicación especializada en arquitectura e construción Infoedita.

Así mesmo a previsión de xornadas a realizar este 2023 é do 12 de decembro en Pontevedra e o 14 de decembro en A Coruña, cunha duración estimada de cada xornada de 5 horas. Para impartición destas xornadas subcontratarase como poñente ao arquitecto Jose Luis Valenciano, da empresa de arquitectura Arquimia Oficina Técnica e entregárase aos asistentes un exemplar do folleto elaborado na actuación 2ª desta proposta.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en aras á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (DOG núm. 126, do 04.07.2022), configura esta (actual Consellería de Economía, Industria e Innovación conforme ao Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia) como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais. As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.





A AGACER, constituída polas principais empresas do sector cerámico en Galicia, ten entre os seus fins, o fomento e desenvolvemento de accións para mellorar o sector cerámico, promover o desenvolvemento de produtos e solucións técnicas eco-eficientes, mellorar a calidade dos produtos, conseguir uns materiais cerámicos máis competitivos e adaptados as necesidades do mercado, así como a representación, defensa e promoción dos intereses económicos sociais e profesionais dos seus afiliados

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEII, no financiamento das ditas actuacións.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará ata un máximo de **TRINTA MIL (30.000,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **05.03.734A 780.0 "Plan sustentabilidade"**, proxecto **2023/00004**, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital
O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Pablo Fernández Vila

